QUE FAI O SEGURO DE PROTECCIÓN DE PAGAMENTOS SE QUEDAS SEN TRABALLO?

Perder o traballo pode ser unha situación difícil,
sobre todo se tes un préstamo, unha hipoteca
ou unha tarxeta de crédito que pagar cada mes.

O seguro de protección de pagamentos
está pensado para axudarche a pagar estas débedas.

Explicámosche como:

Se perdes o teu traballo sen que sexa a túa culpa,
o seguro encárgase de pagar as cotas mensuais
do préstamo, da hipoteca ou da tarxeta de crédito
durante un tempo.

O seu obxectivo é axudarche a pagar as túas débedas
para que non se acumulen
mentres buscas un novo traballo.

Como funciona o seguro?

A continuación explicámosche como funciona, paso a paso.

1. PERDES O TRABALLO SEN QUE SEXA A TÚA CULPA

O seguro de protección de pagamentos só funciona
se perdes o traballo sen que sexa pola túa culpa.

Por exemplo:

- Pecha a empresa.
- Fan redución de persoal.
- Reestruturan a empresa.

O seguro non cobre o pagamento se:

- Deixas o traballo por decisión propia.
- Despídente por unha falta grave.

2. CUMPRES AS CONDICIÓNS DO SEGURO

Para poder usar o seguro,
tes que cumprir unhas condicións
que aparecen no contrato:

- Traballar durante un tempo mínimo
  antes de contratar o seguro.
- Pasar o período de carencia,
  é dicir, o tempo no que o seguro non te cobre,
  aínda que xa o esteas pagando.

  Por norma xeral, o período de carencia
  é de entre 30 e 90 días.
- Estar a buscar traballo
  no servizo público de emprego.

3. AVISAS Á ASEGURADORA

Se perdes o traballo,
tes que informar á compañía aseguradora
dentro do prazo que indica o contrato.

Tamén terás que entregar algúns documentos,
por exemplo:

- A carta de despedimento.
- O certificado de inscrición
  no servizo público de emprego.
- Ás veces, tamén che piden a vida laboral.

4. ESPERAS A REVISIÓN

Nalgúns seguros,
ten que pasar un tempo
dende que perdes o traballo
ata que o seguro empeza a pagar.

Este tempo adoita ser de 30 días.

Pasado este tempo,
a aseguradora revisa a documentación
e confirma se o seguro pagará as túas cotas mensuais.

5. PAGAMENTO

A seguro paga as túas cotas mensuais do préstamo ou hipoteca
até chegar ao límite máximo acordado
e durante o tempo que indica o contrato.

Este tempo adoita ser de entre 3 e 12 meses.

6. FIN DO PAGAMENTO

O seguro deixa de pagar as cotas cando:

- Atopas un novo traballo.
- Remata o tempo do contrato.
- Chega ao límite de diñeiro do seguro.

Se atopas un novo traballo
e volves perdelo máis adiante,
revisa se podes usar o teu seguro outra vez
e en que condicións.

Consello final

Este seguro non elimina a débeda,
pero dáche tempo e tranquilidade para organizarte
nun momento difícil, como é perder o teu traballo.

Antes de contratar o seguro, debes:

- Revisar as condicións.
- Comprobar a cantidade máxima que cobre.
- Saber en que situacións non te cobre.

Se tes en conta todo isto,
poderás elixir un seguro que se adapte á túa situación.